

# A Fronteira Sur: a primeira pedra do “Muro de Trump”

## Description

Como consecuencia das políticas de contención e da inxerencia estadounidense, as rexións limítrofes entre México e Guatemala revalorizáronse como a primeira liña de contención establecida para frear a migración irregular centroamericana, calculada ao redor duns 400.000 migrantes anuais, o 90% deles pertencentes a países do Triángulo Norte. Delimitada na súa meirande parte polos ríos Suchiale e Usomacita e cunha prominente área selvática, esta zona de tradicional asentamento indíxena vai definir unha fronteira de carácter extremadamente poroso.

Como consecuencia das políticas de contención e da inxerencia estadounidense, as rexións limítrofes entre México e Guatemala revalorizáronse como a primeira liña de contención establecida para frear a migración irregular centroamericana, calculada ao redor duns 400.000 migrantes anuais, o 90% deles pertencentes a países do Triángulo Norte. Delimitada na súa meirande parte polos ríos Suchiale e Usomacita e cunha prominente área selvática, esta zona de tradicional asentamento indíxena vai definir unha fronteira de carácter extremadamente poroso.

Os fluxos a través destas zonas teñen un claro carácter histórico e cotiá, de ámbito laboral ou comercial (abastecemento de asentamentos como Tecún Umán) e de tránsito diario sen impedimentos, polo que nunca foi visto polos seus residentes, nin as autoridades locais, como unha fronteira real. Estas características axudaron a conformar o corredoiro migratorio de preferencia para os migrantes centroamericanos, establecéndose xa dende os conflitos civís que asolaron a zona nas décadas de 1970-1980.

Posteriormente, coa nova espiral de violencia promovida por organizacións como as “Maras” así como das mafias existentes no Triángulo Norte Centroamericano (TNC) e a paulatina presenza de migrantes procedentes do ámbito internacional, o tránsito aumentou de forma considerable.

### *Un antecedente chave: o TLCAN*

Os primeiros antecedentes de medidas de carácter máis proactivo e incluso coercitivo atopámoslos trala firma do *Tratado de Libre Comercio de América do Norte* (TLCAN) así como co auxe do movemento Zapatista no estado de Chiapas (México), producíndose unha certa militarización da zona e aumentando a vixilancia fronteiriza, igualmente visible tralo 11-S de 2001<sup>(1)</sup>. Mais será no 2014 cando se dea un salto cualitativo na securitización da zona, tralo arribo a territorio estadounidense dunha cantidade nunca vista de menores non acompañados, a súa maior parte procedente de zonas centroamericanas.

A raíz desta “crise migratoria sen precedentes”<sup>(2)</sup>, o Executivo estadounidense comezou a premer no deseño dunha nova estratexia migratoria no sur de México, *de feito* baixo a súa tutela e moi orientada cara o incremento da seguridade: doazón de sistemas de infravermellos, cámaras de alta resolución, torres de vixilancia, material policial, etc.

En xullo de 2014, o presidente mexicano Enrique Peña Nieto presentou o denominado *Programa Fronteira Sur* (PFS), traducíndose nun aumento dos elementos de seguridade e vixilancia: reténs, axentes fronteirizos do Instituto Nacional de Migración (Corpos Beta), construción de varios Centros de Atención Integral ao Tránsito Fronteirizo (CAITF), medidas para dificultar os accesos aos trens de carga<sup>(3)</sup>, aumentando notablemente o número de detencións e deportacións (un 29%, 147.370 en 2016 segundo datos Secretaría de Gobernación SEGOB)<sup>(4)</sup>.

Sen embargo, pese a estas medidas restritivas e de securitización, incluíronse certos elementos para salvagardar os dereitos das persoas migrantes e garantir a súa seguridade, cando menos sobre o papel. Ditos elementos, non carentes de debilidades e dificultades para a súa implantación, materializáronse na creación de oficiais para a protección da infancia, modernización de instalacións e albergues ou a promulgación de entes lexislativos como a Fiscalía Especializada en

## Atención a Delitos Cometidos en Contra de Inmigrantes (FEADCCI).

De igual xeito, chegouse a certos acordos bilaterais con Guatemala para tratar esta problemática na Fronteira Sur, enviando representantes da Procuraduría para a Defensa dos Dereitos Humanos ás zonas limítrofes con Chiapas.

Non obstante, a confrontación *de feito* que se da entre as diversas estratexias inherentes ao PFS, lastraron a efectividade destas políticas. A maior presenza nas vías e estradas de elementos de control, non tanto nos bordes fronteirizos como máis ao interior, impulsou a unha parte significativa dos migrantes cara zonas menos transitadas, rutas máis perigosas onde os grupos do crime organizado atopan un filón que explotar.

Coma ocorre na Fronteira Norte, o acceso a este colectivo reporta amplos beneficios que fan consolidar a estes axentes na rexión, estendendo os seus tentáculos polos redutos da administración pública e dificultado a súa operabilidade (corrupción de funcionarios, ameazas ás ONGs, etc.). Pese a que os índices de enfrontamentos son moito menores, dada a propia natureza da fronteira, non véndose forzadas as diversas organizacións a loitar por un territorio onde operar (tráfico de drogas, armas, extorsións etc.), os reportes sobre abusos, trata<sup>(5)</sup>, secuestros e extorsións aos migrantes son unha tónica habitual.

As debilidades presentes nas institucións e infraestruturas estatais tamén dificultan o éxito destas políticas. Obsérvanse, por exemplo, na incapacidade dos centros de inmigración para asumir os migrantes reportados polos Grupos Beta, levando a moitos funcionarios a omitir os dereitos de asilo durante as entrevistas, xa que de tramitarse, suporía a detención de entre 60-70 días nos superpoboados centros.

Ás duras condicións e os longos períodos de tramitación, que levan a desistir do proceso a moitos migrantes, súmase a falta de asesoramento legal, o descoñecemento das leis de protección e a escaseza de oficiais de protección con autoridade para tomar decisións. Nesta conxuntura, e dado que o número de detencións aumentou pola presenza de múltiples corpos (policía, exército, INM, etc.), explícase o aumento drástico das deportacións e a baixa aceptación de solicitudes de asilo (só un 21%, segundo datos da Oficina en Washington para Asuntos Latinoamericanos)<sup>(6)</sup>

Ante este escenario, non parece disparatado afirmar que as políticas deseñadas para conter a migración irregular parecen encamiñadas a repetir os erros vistos na zona norte. Se ben é certo que existe, cando menos de forma tácita, unha vontade institucional para salvagardar os dereitos dos migrantes e garantir a súa seguridade, a falta de coordinación, a preeminencia de estratexias de securitización e as deficiencias e debilidades estruturais configuran unha realidade ben afastada das metas propostas.

Ante unha perspectiva de futuro que parece augurar un aumento da presión para México, o executivo de Peña Nieto, ou o que lle substitúa a partir de 2018, sitúase ante o desafío de conseguir materializar unha política migratoria máis aló de meros parches encamiñados a dar “solucións temporais”. Co mais que posible paso atrás do goberno estadounidense, na súa man quedará impulsar proxectos máis ambiciosos que reestructuren a política migratoria propia e común con Centroamérica.

**Alexandre Rey Parrado,**

*licenciado en Historia (USC) e estudante no Master “Seguridade, Paz e Conflitos Internacionais” (USC/CESEG),  
actualmente realiza prácticas no IGADI.*

## Bibliografía:

(1) Impulsáronse estratexias de controis fronteirizos no marco da seguridade nacional dos EUA, con claro carácter restritivo coa migración irregular e cun predominante reforzo dos elementos de seguridade.

(2) O ex presidente Barack Obama declara a chegada masiva de menores non acompañados, impulsados en moitos casos pola violencia das “Maras”, coma unha crise humanitaria de carácter urxente. <https://goo.gl/5ULKjB>

(3) Constrúense valados ao redor de numerosos tramos das vías que percorren trens de mercancías utilizados polos migrantes, como o denominado “la bestia”.

(4) [http://www.politicamigratoria.gob.mx/es\\_mx/SEGOB/Extranjeros\\_presentados\\_y\\_devueltos](http://www.politicamigratoria.gob.mx/es_mx/SEGOB/Extranjeros_presentados_y_devueltos)

(5) Especialmente dramático no relativo a menores utilizados coma man de obra e a trata sexual en cidades coma Tapachula ou Ciudad Hidalgo. INTERNATIONAL CRISIS GROUP: “Presa fácil: violencia criminal y migración en Centroamérica”, Report nº 57/LatinAmerica&Caribbean, Xullo 2016 pp.21-23 <https://d2071andvip0wj.cloudfront.net/057-easy-prey-criminal-violence-and-central-american-migration-spanish.pdf>

(6) OFICINA EN WASHINGTON PARA ASUNTOS LATINOAMERICANOS (WOLA): “Control aumentando en la frontera Sur de México” Novembro 2015, pp.3  
[https://www.wola.org/wp-content/uploads/2015/11/WOLA\\_Control\\_aumentado\\_en\\_la\\_frontera\\_sur\\_de\\_Me%CC%81xico\\_Nov2015.pdf](https://www.wola.org/wp-content/uploads/2015/11/WOLA_Control_aumentado_en_la_frontera_sur_de_Me%CC%81xico_Nov2015.pdf)

## APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Others

## ETIQUETAS

EUA Guatemala México Migración Seguridade e Desarmamento

## IDIOMA

Galego

## INVESTIGACION

Diáspora Observatory

## Date Created

February 13, 2017

## Meta Fields

**Autoria :** 3769

**Datapublicacion :** 2017-02-13 00:00:00

**Subtitulo :** (Unha análise de Alexandre Rey Parrado, estudante da USC en prácticas no IGADI)